

Serie A N.º 1176058

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO
9/XULLO/2001

SUMARIO

- 1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN
- 2.- ESCRITO DO COMITÉ DE EMPRESA DE PONTESA.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas do día nove de xullo do ano dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. M^a DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D^a. M^a. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO,, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL ALFAYA, D. SALVADOR FERMIN PINTOS FERNANDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario D. JOSÉ RIESGO BOLUDA Secretario Xeral acumulado deste Concello, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do día.

Incidencias: Excusaron a súa ausencia, e D^a. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE e D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE.

1.-DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Previa exposición das razóns de urxencia pola Presidencia o Concello Pleno por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes acordan o tratamento e consideración do seguinte asunto.

2.-ESCRITO DO COMITÉ DE EMPRESA DE PONTESA.

Con data de Rexistro de Entrada de 5.07.01 recibíuse no Concello escrito d eD. Manuel Gómez Ponte, Portavoz do Comité de Empresa de Pontesa, que transcrito literalmente di:

“Exposición de motivos:

O Grupo de Empresas Álvarez (G.E.A) está constituído polas empresas Pontesa, Santa Clara, Vanosa, Povisa e Mohasa, sitas nos concellos de Vigo e Pontevedra, e dá emprego a 750 persoas.



Esta empresa dedícase á fabricación de envases de vidro, pezas de porcelana e louza.

Pertencente ó I.N.I., pasou, tras ser privatizada, por mans de diversos empresarios, máis preocupados en facer diñeiro fácil e en especular cos terreos ca en tirar para adiante co proxecto empresarial.

No ano 1998, debido ás dificultades polas que pasaba a empresa, e gracias á presión social, estableceuse un plano de viabilidade, do que só se cumpriu a parte referente ás xubilacións anticipadas e baixas por I.T.

Agora, no ano 2001, os traballadores e traballadoras de G.E.a atopámonos de novo nunha situación extremadamente difícil.

Cos empresarios "fuxidos" en Valencia, sen cobrar dende o mes de xaneiro, cunha débeda histórica na que a empresa adebeda a cada traballador unha media de 2 millón de pesetas, e coa empresa ó bordo da quebra, G.E.A. parece condenada ó peche e á perda definitiva dos postos de traballo e da riqueza que xenera.

Pero pese a todo iso, os traballadores e traballadoras de Álvarez seguen loitando pola defensa dos seus postos de traballo e por seguir producindo vidro, louza e porcelana.

Sen embargo, para que se manteñan os postos de traballo e para que G.E.A siga producindo, necesítase a colaboración de toda a sociedade, das institucións e das administracións, polo cal, o Pleno desta Corporación, adopta os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Aмосa-la solidariedade da Corporación Municipal cos traballadores e traballadoras de G.E.A. na defensa dos postos de traballo.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza para que interveña de xeito directo, apostando por unha solución que garanta un futuro estable para os traballadores e as súas familias e máis para o proxecto empresarial.

Terceiro.- Apoia-la manifestación dos traballadores e traballadoras de G.E.A que se celebrará o próximo xoves días 12 de xullo en Pontevedra.

Cuarto.- Transmítalo presente acordo á Xunta de Galiza, instándoa á busca dunha solución definitiva á crise de G.E.A.

INTERVENCIÓNS:

Pazos Docampo: Apoiamos ó escrito.

Serie A N.º 1176059


Conde Romero: Apoiamos ó escrito e a manifestación sempre e cando teñan as autorizacións oportunas, asimesmo condenamos os actos vandálicos que se produciron na factoría da empresa fai poucos días.

Núñez Salgado: Apoiamos o escrito.

VOTACIÓN E ACORDO: O Concello Pleno, por unanimidade de todos os membros presentes acorda aprobar o escrito antes transcrito nos seus propios términos.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e cinco minutos da data indicada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio cento cincuenta do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176058, ata o folio centocincuenta e un Serie A nº 1176059, de todo o que como Secretario do presente acto, dou fé.

O ALCALDE



O SECRETARIO

Asdo: Xaime Rei Barreiro

Asdo: José Riesgo Boluda

